



## ROTEIRO POR MONTEFURADO-QUIROGA A MINARÍA ROMANA



Neste roteiro coñeceremos diferentes aspectos da extracción de ouro nesta comarca por parte dos romanos. O punto de partida será o lugar da **Pesqueira**, e desde alí dirixirémonos ata a **Boca do Monte**, túnel feito polos romanos par desviar a auga do río Sil nun pronunciado meandro, co obxecto de poder extraer doadamente ouro no leito orixinal do río. Subindo ata o **mirador de Angueiros** e ata o **alto da Cabrita** teremos una boa panorámica do val. Descendendo de novo ata a **Veiga do Couso**, canle orixinal do Sil antes do túnel, analizaremos o seu uso no pasado como terra de cultivo moi produtiva e como zona de

captura de anguías (de aí o topónimo “Angueiros”). En 1934, un desprendemento de fragmentos taponou o túnel e o Sil volveu a ocupar o seu leito natural, asolagando as terras de cultivo que as persoas oriúndas instalaran no antigo meandro. Actualmente o lugar está ocupado por vexetación de rebeira.

O roteiro rematará nas **Médulas de Montefurado**, vestixios da explotación romana mediante o sistema de *ruina montium* que facilitaba a extracción de ouro presente nos sedimentos fluviais. Neste lugar destaca tamén a igrexa e a presenza de varias covas e adegas escavadas no singular terreo arxiloso de cor ocre. Se é posible visitarase algún destes lugares. A observación da vexetación ao longo da ruta permitiranos constatar a importancia que teñen doux cultivos na comarca: a vide e a oliveira.

**Colabora:** Asociación sociocultural “Boca do Monte”- Angueiros, Quiroga

**Lonxitude: 10 km.**

**Dificultade: media-baixa.**

[Ver texto completo enviado pola As. Boca do Monte](#)

**DOMINGO, 22 ABRIL 2018**

Xeral.....	18 €
Socios/as.....	12 €
Estudantes e no paro.....	15 €
Ata 14 anos.....	5 €

**Saída:** Facultade de Formación do Profesorado (Av. Ramón Ferreiro) ás **9.00 horas**.

**Reserva:** chama previamente ao **679113718** ou ao **982240299**.

**Levar:** Roupa e calzado axeitados e **comida** para o camiño.



### PRÓXIMOS ROTEIROS

**13 Maio** – Ribeiras do Sor (Mañón)

**10 Xuño** – Costa da Vela (Cangas do Morraz)

**+info:** <http://adega.gal>, ou <http://roteirosadegalugo.blogaliza.org>